

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 21 de xuño de 2005 pola que se aproba o Regulamento técnico específico de produción integrada de cultivos hortícolas.

No Decreto 68/2004, do 11 de marzo, defínese a produción integrada como un sistema de produción agraria, que utiliza ao máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais mediante a introdución de tecnoloxías respectuosas co medio, asegurando unha produción de alta calidade e salubridade contrastada, a rendibilidade da explotación e a eliminación ou redución de insumos exteriores e de fontes contaminantes.

Estes requisitos recóllense para cada cultivo ou produto ou grupo de cultivos ou produtos no correspondente regulamento técnico, que recollerá as normas técnicas que se seguirán desde a fase de obtención da materia prima ata, se é o caso, a elaboración, manipulación, envasado, etiquetaxe, almacenaxe e posta á disposición do consumidor.

A produción integrada reflite a aplicación destas normas ao garantir no seu sistema produtivo a rastrexabilidade das producións agrarias e consecuentemente ao aplicar os principios de control ao longo de toda a cadea de produción de alimentos. Deste xeito en calquera punto das devanditas fases produtivas se poderá verificar o cumprimento da aplicación das prácticas respectuosas co ambiente, así como a seguridade e a calidade do produto.

A aprobación do regulamento técnico implica a apertura no Rexistro Oficial de Produción Integrada, da sección correspondente para o cultivo ou produto recollido nesta orde, co fin de que os operadores soliciten a súa inscrición, segundo as indicacións recollidas na Orde do 30 de maio de 2005 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural pola que se desenvolve o Decreto 68/2004, do 11 de marzo, que regula a produción

integrada e a súa indicación nos produtos agrarios.

Así mesmo, o cumprimento das normas contidas neste regulamento técnico permitirá, tras as verificacións oportunas, a concesión ao operador do emprego da identificación de garantía de produción integrada da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, en virtude do exposto de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Obxecto.

Aprobar o Regulamento técnico específico de produción integrada de cultivos hortícolas que se incorpora no anexo I desta orde, no cal figuran as prácticas obrigatorias, recomendadas e prohibidas para o dito sistema produtivo. Así mesmo como anexo II, figura o modelo de caderno de explotación que deberá ser empregado como xustificación do seguimento das normas técnicas de produción integrada, servindo ademais de instrumento fundamental para o control e certificación do proceso.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.

Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións necesarias de adaptación ou modificación dos anteditos anexos, como consecuencia de novos coñecementos e avances técnicos e científicos, ou para incorporar normativa de obrigado cumprimento, que ao respecto se estableza.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes  
Conselleiro de Política Agroalimentaria e  
Desenvolvemento Rural

ANEXO I

REGULAMENTO TÉCNICO ESPECÍFICO DE PRODUCCIÓN INTEGRADA EN HORTA

REQUISITOS XERAIS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-A superficie mínima requirida por agrupación en produción integrada de horta será de 5 ha ao aire libre, tendo en conta os cultivos con regulamento técnico aprobado, e disporá cada operador como mínimo de 3.000 m<sup>2</sup> de cultivo e parcelas de polo menos 500 m<sup>2</sup>. Para cultivo baixo abrigo, a superficie por agrupación será de 1 ha. No caso de que o operador sexa unha entidade agraria, a superficie mínima será de 3 ha ao aire libre cos mesmos requisitos de tamaño de parcela que no caso da agrupación é de 1ha baixo abrigo.</p> <p>-O servizo técnico poderá ser levado a cabo por un técnico ben da propia explotación ou ben mediante a asistencia técnica de empresas de servizos. En todo caso, este servizo realizará o seguimento e control cumprindo todos e cada un dos seguintes límites máximos por UHT de técnico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 50 explotacións e 50 ha ao aire libre.</li> <li>• 50 explotacións e 15 ha baixo abrigo.</li> </ul> <p>-Deberanse rexistrar no caderno de explotación todas as prácticas e controis levados a cabo durante o ciclo de cultivo, achegando, se é o caso, a documentación acreditativa (facturas, análises, etc.) Para iso establécese un modelo de caderno de explotación oficial.</p> <p>-Caderno de explotación é un rexistro das operacións que se realizan en cada parcela<sup>1</sup> ou subparcela ou unidade homoxénea de cultivo<sup>2</sup> de produción integrada para garantir o proceso de produción.</p> <p>-Para un axeitado funcionamento do sistema, o rexistro das operacións realizarase dentro da semana de execución.</p> <p>-O operador de produción integrada responsabilizarase da posesión do caderno de explotación e da veracidade das anotacións realizadas, que estarán dispoñibles para a súa inspección.</p>		<p>Realizar calquera tipo de intervención na plantación sen anotala no Caderno de Explotación.</p>

(1) Parcela: considérase a superficie continua de terreo xeograficamente definida e inscrita no Rexistro Catastral a nome dun ou máis titulares, en que o operador realiza prácticas de produción integrada.

(2) Unidade homoxénea de cultivo (UHC): para cada cultivo, superficie á que se aplican operacións culturais e técnicas de cultivo similares, así como os mesmos tratamentos fitosanitarios. No caso de agrupacións de produtores poderán existir UHC que inclúan o cultivo ou parte do cultivo de varios agricultores. Para cultivos baixo abrigo, a unidade homoxénea de cultivo encontrárase dentro dun mesmo recinto delimitado baixo o mesmo tipo de protección.

ASPECTOS AGRONÓMICOS XERAIS DO CULTIVO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-O momento e a intensidade das operacións culturais deben minimizar os posibles impactos ambientais.</p> <p>-Sempre que sexa posible, deberá establecerse un programa de rotación de cultivos de polo menos tres follas, e deberá xustificarse a non aplicación do programa.</p> <p>-Deben coñecerse a temperatura e a humidade ambiental durante o ciclo de cultivo, e no caso de cultivos ao aire libre, ademais, a pluviosidade.</p>	<p>-Procurar que as plantas cultivadas baixo abrigo estean nas condicións de humidade, temperatura e radiación solar incidente o máis próxima posible aos seus óptimos biolóxicos.</p> <p>-No cultivo sen solo deberá dispoñerse de instalacións que permitan a recirculación ou reutilización dos lixiviados, salvo autorización que inclúa prazos determinados para a súa plena disposición e sempre que sexa agronomicamente aconsellable.</p> <p>-Cando non se poida facer rotación de cultivos, aplicar técnicas que conserven a fertilidade do solo, como parcelas e/ou UHC libres de cultivo, cubertas de especies mellorantes, ou ben realizar solarización e/ou biofumigación.</p>	

SOLO, PREPARACIÓN DO TERREO E LABRA		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Manter e mellorar a fertilidade do solo mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ A incorporación de materia orgánica, a razón de 1 a 5 kg/m<sup>2</sup>/ano, en solos con contidos inferiores ao 1% nos primeiros 20 cm do perfil, para cultivos de regadío ao aire libre. No caso de cultivos baixo abrigo, as incorporacións de materia orgánica serán obrigatorias en solo con contidos inferiores ao 2% nos primeiros 20 cm do seu perfil, utilizando doses de 2 a 10 kg/m<sup>2</sup>/ano. Quedan exentos desta obriga os cultivos sen solo.</li> <li>▪ Optimización das propiedades biofísicas do solo para evitar compactación (p.e. tamaño dos agregados e estabilidade estrutural, condutividade hidráulica, etc.).</li> <li>▪ Mínima perturbación física ou química do solo.</li> </ul> <p>-Eliminar as malas herbas e restos vexetais de cultivos anteriores na forma axeitada e coa suficiente antelación con respecto ao cultivo seguinte, aínda que poderán quedar os seus restos sobre o chan cando non representen un risco de transmisión de pragas ou enfermidades dos vexetais, ou na agricultura de conservación.</p> <p>-Realizar os labores respectando ao máximo a estrutura do solo e, a ser posible, sen volteo. Evitar as escorrementos e os anegamentos. Do mesmo xeito, terase en conta a pendente do terreo para a axeitada conservación do solo, adaptando as dimensións características das obras de conservación (terrazas, bancais, lombas) co fin de evitar fenómenos de erosión.</p>	<p>-Examinar o perfil do solo antes de iniciar a produción integrada.</p> <p>-No caso da posta en cultivo dun novo terreo, o produtor deberá xustificar que este é o axeitado para o desenvolvemento do cultivo en cuestión. Para iso disporá dun plano de xestión, no que se indique o uso anterior do solo e o impacto ambiental da nova produción.</p> <p>-Solicitarlle ao subministrador do substrato datos técnicos que demostren a súa calidade. No caso de que o produtor obteña o seu propio substrato, realizar análises que acheguen información similar.</p> <p>-Empregar substratos reciclables.</p> <p>-Labores de subsolados ou similares e evitar labores con fresadoras.</p> <p>-Realizar os labores preparatorios axeitados que faciliten a drenaxe e aireación do terreo para manter a estrutura do solo.</p> <p>-Realizar a desinfección do solo mediante a solarización e/ou biofumigación.</p> <p>-Recoméndase que o plástico para a solarización sexa dun espesor entre 150 e 200 galgas de polietileno normal transparente. No caso de cultivo baixo abrigo, realizar a solarización coa cuberta do invernadoiro pechada.</p>	<p>-Desinfectar o solo mediante tratamentos químicos, salvo casos tecnicamente xustificadas e autorizados polo organismo oficial correspondente. As autorizacións poderán establecerse tamén para unha determinada zona ou rexión.</p> <p>-Utilizar sistematicamente apeiros que destrúan a estrutura do solo e propicien a formación de solo de labor.</p>

SEMENTEIRA E PLANTACIÓN		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Empregar material vexetal procedente de produtores oficialmente autorizados e certificados e, se é o caso, co correspondente pasaporte fitosanitario. Todas as variedades deben estar inscritas no catálogo común de variedades de especies de plantas hortícolas da Unión Europea e/ou na lista española de variedades comerciais de plantas. O material vexetal debe obterse a partir de sementes garantidas segundo o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas. O operador deberá conservar os rexistros documentais polo menos durante 2 anos.</p> <p>-No caso de variedades locais, precisarase o recoñecemento da autoridade competente ata a posta en marcha do Rexistro de Variedades Locais.</p> <p>-Utilizar sementes debidamente garantidas e desinfectadas cando esta práctica poida evitar enfermidades posteriores.</p> <p>-Efectuar a sementeira ou plantación, como mínimo, unha semana despois de arrincar o cultivo precedente (salvo que no anexo específico do cultivo se mencione un período superior) e realizar os labores de preparación do terreo.</p> <p>-Eliminar antes da sementeira ou plantación todo o material vexetal que presente síntomas de enfermidade ou un desenvolvemento anormal.</p> <p>-O material de plantación, variedades, densidade da plantación, ciclo de cultivo, o momento e a dose de sementeira, rotacións, marco de plantación e posibilidade de asociación con outros cultivos, adaptaranse ás condicións locais, co obxectivo de conseguir un produto de calidade coas mínimas intervencións posibles.</p> <p>-Empregar, se existen, cultivares resistentes ou tolerantes a algunha das enfermidades importantes da especie e adaptados ás condicións locais, salvo xustificación técnica expresa.</p> <p>-No caso de cultivo interplano deberá respectarse un período de descanso, establecido no anexo específico para cada cultivo.</p>	<p>-Coñecer o grao de susceptibilidade da/s variedade/s elixidas a pragas e enfermidades.</p> <p>-Manter a parcela e/ou UHC libre de restos vexetais e malas herbas, segundo a práctica habitual, polo menos 15 días antes de realizar o novo transplante ou sementeira, salvo que se recomende un período superior no anexo específico do cultivo correspondente.</p>	<p>-Cando se trate de cultivos baixo abrigo, asociar cultivos no mesmo invernadoiro, salvo que esa asociación presente efectos agronomicamente favorables.</p> <p>- Usar patróns, combinacións enxerto-patrón ou variedades especialmente sensibles a determinadas enfermidades de especial incidencia ou relevancia.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN-FERTILIZACIÓN E EMENDAS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-A subministración de nutrientes efectuarase fundamentalmente a través do solo ou substrato. As achegas de fertilizantes foliares só se utilizarán cando estean tecnicamente xustificadas.</p> <p>-Utilizar a análise fisicoquímica do solo como base para estimar as necesidades de macronutrientes, excepto para o nitróxeno, e realizar as análises ao integrarse a unidade homoxénea de cultivo ao sistema de produción integrada. O número de análises que se deban efectuar será, como mínimo, dunha análise por unidade homoxénea de cultivo e cunha periodicidade mínima de 5 anos.</p> <p>-Realizar e aplicar un programa de fertilización de macronutrientes para cada cultivo e unidade de cultivo e un programa xeral de fertilización para toda a rotación, potenciando a achega de fertilizantes naturais e reducindo os químicos de síntese. Na programación haberá de terse en conta que os fertilizantes provenientes do exterior (augas, materia orgánica, fertilización directa...) deben compensar as extraccións das colleitas e as perdas técnicas. O programa determinará as épocas e forma de aplicación axeitada, segundo a absorción periódica do cultivo, para minimizar as perdas por lixiviación ou erosión.</p> <p>-En cultivo sen solo, realizar o axustamento da fertilización en función do balance entre a solución nutritiva de entrada e a de drenaxe ou a solución nutritiva do substrato, elixindo unha ou outra segundo as características fisicoquímicas do substrato, contemplando ademais a fase fenolóxica do cultivo e a actividade de absorción dos nutrientes pola planta. Debe controlarse diariamente o pH e a condutividade eléctrica da solución de drenaxe.</p> <p>-Axeitar o programa de fertilización de forma que non comprometa o contido de nitratos en hortalizas, cando así o estableza a lexislación vixente.</p> <p>-O produtor asegurarse do cumprimento da regulamentación aplicable en cada territorio, relativa ao enriquecemento de nitratos ou fosfatos na auga subterránea de maneira que non se excedan os límites nacionais e internacionais.</p> <p>-Respecto ao nitróxeno, definir para cada cultivo e en función do tipo de solo (textura e contido en materia orgánica) a máxima cantidade de nitróxeno que se vai aplicar e, de forma orientativa, o momento de cada aplicación, dose e fórmula do fertilizante.</p> <p>-Os oligoelementos integraranse nos planos de fertilización en función das necesidades e exixencias do cultivo.</p> <p>-Cando se achegue materia orgánica ou outras materias con valor fertilizante, a achega deberá conter a mínima cantidade de metais pesados, patóxenos ou outros produtos tóxicos que sexa tecnicamente posible, sen exceder os límites legais establecidos. Facer unha análise cando poida existir risco de presenza de metais pesados.</p> <p>-Realizar as emendas necesarias sempre que o pH do solo se afaste excesivamente do valor aceptado como óptimo para o cultivo, ou cando as características físicas ou químicas do solo así o aconsellen.</p>	<p>-Analizar o solo antes da sementeira ou plantación.</p> <p>-No caso de cultivo en solo, realizar ao longo do cultivo varias análises do extracto saturado, ou ben varias análises foliares.</p> <p>-En cultivos sen solo, realizar polo menos unha análise foliar durante o desenvolvemento do cultivo, analizar mensualmente a solución de drenaxe e polo menos unha vez ao ano a solución nutritiva.</p> <p>-Realizar emendas calcáreas se as augas presentan concentracións elevadas de sales non desexables ou se producen desequilibrios entre o calcio e outros catións.</p> <p>-Corrixir a salinidade e alcalinidade do solo mediante xofre e xeso e regas abundantes antes da nova plantación.</p> <p>-Evitar o almacenamento de esterco cerca das fontes de auga, así como evitar o acceso do gando ás augas superficiais ou ás zonas de bombeo.</p>	<p>-Realizar aplicacións de nitróxeno nítrico nas marxes das parcelas e/ou UHC lindeiras a correntes de auga.</p> <p>-O uso de xurros e demais residuos semilíquidos de explotacións gandeiras.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN – PODA		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Efectuar os traballos de poda cunha planificación técnica, tendo en conta os principios fundamentais que rexen esta práctica para maximizar a súa eficacia e rendibilidade.</p> <p>-Realizar a poda en verde con instrumentos cortantes (tesoiras, coitelos, etc.) excepto nos casos en que estea tecnicamente xustificada a poda manual.</p> <p>-Desinfectar ou substituír as luvas e instrumentos de poda cando se cambie de parcela ou variedade e ao finalizar cada xornada de traballo.</p> <p>-Eliminar os restos de poda, esfolia, froitos procedentes de rareo e plantas ou órganos sobre os que se manifeste algún tipo de enfermidade. Estes restos vexetais deben sacarse da plantación o antes posible, a menos que por condicións climatolóxicas ou biolóxicas non se poida realizar esta operación.</p>	<p>-Evitar realizar a poda con alta humidade ambiental.</p>	<p>-Queimar de forma incontrolada os restos de poda.</p> <p>-Abandonar os restos de poda na parcela e/ou UHC cando supoñan un risco fitosanitario.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN – POLINIZACIÓN E FORMACIÓN DOS FROITOS
É de aplicación o especificado no anexo correspondente a cada cultivo cando proceda.

MANEXO DA PLANTACIÓN – REGA		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Dispoñer das características analíticas da calidade da auga da rega (química e bacteriolóxica), co obxecto de tomar decisións sobre a súa utilización. A periodicidade das análises será polo menos anual e nun laboratorio autorizado, excepto no caso de pozos propios, que terá que xustificarse unha periodicidade maior. Se por razón da súa orixe a composición da auga é moi variable deberán facerse análises con máis frecuencia do contido en nitratos e da condutividade.</p> <p>-En cultivo ao aire libre, establecer os volumes anuais necesarios mediante cálculo das necesidades do cultivo, baseándose en datos locais da evapotranspiración calculada mediante datos da estación meteorolóxica máis representativa.</p> <p>-Establecer os volumes máximos de cada rega en función do sistema rega, a profundidade radicular, o estado hídrico e as características físicas do solo. A partir de valores de condutividade intolerables que se establezan para cada cultivo, empregarase unha fracción de lavado complementaria ás doses normais de rega.</p> <p>-Para a programación das regas, seguir métodos tecnicamente aceptados, planificando o sistema de rega para cada parcela e/ou UHC.</p> <p>-Utilizar técnicas de rega que garantan a maior eficacia no uso da auga a optimización dos recursos hídricos, evitando as perdas de auga. Para iso terase en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As doses de rega axustaranse ás necesidades dos cultivos e á textura e características de drenaxe do solo.</li> <li>• Na rega por gravidade ou anegamento, a lonxitude dos sucos ou dos tallóns e a súa pendente máxima estableceranse en función do volume de rega necesario e das condicións hidráulicas e de permeabilidade do terreo.</li> <li>• Na rega a presión, xustificar que o valor do coeficiente de uniformidade (CU) estará comprendido entre os valores establecidos en función da separación entre emisores e a pendente do terreo.</li> </ul> <p>Deberá rexistrarse a auga de rega aplicada. No caso de que ese rexistro non fose posible, efectuarase unha estimación dela.</p>	<p>-Utilizar o método do balance hídrico para avaliar o estado da auga do solo, a partir do cálculo diario da evapotranspiración e instalar tensiómetros para controlar a humidade do solo a profundidade radicular e sondas de succión para controlar a condutividade da solución do solo.</p> <p>-Cando se traballe en condicións en que resulte difícil obter unha eficacia alta de auga e de nutrientes, dispoñer de contadores volumétricos para optimizar o uso da auga.</p> <p>-En zonas de cultivo nas cales se sospeite risco de existencia de excesiva concentración de boro na auga de rega dispoñible, incluír a determinación analítica súa nas análises físico-químicas desta.</p> <p>-En rega localizada, determinar os coeficientes de uniformidade das instalacións cada tres anos, co fin de asegurar o seu bo funcionamento. O coeficiente de uniformidade será, segundo o método de Merrien-Keller (ou os que determine a normativa vixente), como mínimo do 80%.</p> <p>-Colocar as liñas portagoteiros en sucos separados polo menos 10 cm da ringleira de plantas e, en todo caso, de forma que non mollen a base do talo das plantas.</p> <p>-No caso de cultivo sen solo, as regas efectuaranse cando estea consumido entre o 5-10% da auga retida para substratos de baixa capacidade de retención de auga e entre o 10-20% para substratos de elevada capacidade de retención de auga, corrixindo o volume de rega en función dos ións prexudiciais.</p>	<p>-Utilizar augas caracterizadas por parámetros de calidade intolerables para o cultivo, para o solo ou para a saúde pública.</p> <p>-Utilizar augas residuais sen previa depuración e superar os parámetros establecidos na lexislación vixente.</p> <p>-Utilizar augas residuais con ou sen previa depuración en cultivos con órganos comestibles que entren en contacto coa auga da rega.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN -CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-No control de pragas e enfermidades, sempre que sexa posible, anteporanse os métodos biolóxicos, biotecnolóxicos, culturais, físicos e xenéticos aos métodos químicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Retirar de forma inmediata da plantación as plantas e órganos con signos de determinadas enfermidades (con especial atención ás viroses e bacterioses) cando representen un risco importante para a transmisión desas enfermidades. O servizo técnico competente xustificará a non aplicación desta medida.</li> <li>• Protexer a fauna auxiliar en xeral e en particular polo menos dúas especies cuxa protección e aumento das súas poboacións se consideren prioritarios para o cultivo ou cultivos da zona.</li> <li>• Manter a parcela e/ou UHC e as súas marxes libres de vexetación allea ao cultivo, salvo naqueles casos en que se xustifique que o mantemento destas é positivo para o potenciamento dalgún organismo beneficioso e o balance &lt;&lt;organismos beneficiosos-prexudiciais&gt;&gt; netamente favorable.</li> </ul> <p>-Facer a estimación do risco en cada parcela e/ou UHC mediante avaliación dos niveis poboacionais calculados mediante sistemas de mostraxe, estado de desenvolvemento das pragas e fauna útil, fenoloxía do cultivo e condicións climáticas. Esa estimación vén detallada para cada caso no apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos. No caso de propoñer unha estimación de risco alternativa, esta deberá ser autorizada pola autoridade competente.</p> <p>-A aplicación de medidas directas de control de pragas só se efectuará cando os niveis poboacionais ou as condicións ambientais superen os limiares de intervención e, no caso de enfermidades, cando a estimación de risco o indique (Ver o apéndice de pragas e enfermidades de cada cultivo).</p> <p>-Os controis sobre a situación fitopatolóxica do cultivo e a súa evolución faranse cunha periodicidade de entre 7 e 10 días agás naqueles casos en que o risco fitosanitario obrigue a realizalos cunha periodicidade inferior.</p> <p>-Naqueles organismos nos cales o criterio de intervención se establece a partir dunha porcentaxe de observación de órganos afectados ou duns niveis de poboación establecidos, o técnico deberá seguir a metodoloxía de mostraxe establecida por esta norma. No caso de propoñer unha metodoloxía de mostraxe alternativa, esta deberá estar autorizada pola autoridade competente.</p> <p><b>-METODOLOXÍA DE MOSTRAXE:</b> Realizarase como mínimo unha mostraxe por UHC. As UHC de menos de 2 ha divídense en catro sectores (orientacións NE, NO, SE e SO) e de cada sector elixense 7 plantas para superficies menores de 0,5 ha e 10 plantas para maiores de 0,5 ha, exceptuando naqueles cultivos onde o apéndice de pragas e enfermidades especifique un número de plantas diferente. As UHC de máis de 2 ha divídense no máximo número de parcelas de 2 ha e sobre cada unha destas realizase a sectorización indicada para o caso anterior.</p> <p>Naqueles organismos nos cales o criterio de intervención sexa a simple presenza, o técnico responsable poderá utilizar a súa propia metodoloxía de mostraxe sempre que esta se xustifique tecnicamente e se reflecta no caderno de explotación.</p> <p>-No caso de resultar necesaria unha intervención química, as substancias activas que se utilicen serán seleccionadas de acordo cos criterios de menor risco para o home, fauna silvestre e ambiente; a efectividade no control da praga, patóxeno ou mala herba; a selectividade (débase evitar a toxicidade para polinizadores e inimigos naturais); os residuos e o risco de aparición de</p>	<p>-Desinfectar a estrutura, redes e a cuberta das proteccións dos cultivos cando sexa necesario.</p> <p>-Establecer un inventario e unha valoración da fauna auxiliar e axentes nocivos.</p> <p>-Principalmente en cultivo protexido, colocar trampas cromotrópicas e feromonas como método de estimación do risco e de control de pragas. (Ver o apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos).</p> <p>-Usar termohidrógrafos para relacionar as condicións de humidade relativa (HR) e temperatura (T) co desenvolvemento de pragas e enfermidades mediante o uso de modelos de predición, no caso de que existan e foran contrastados na zona de cultivo.</p> <p>-No caso de tratamentos químicos, alternar substancias activas de distintos grupos químicos e mecanismo de acción, sen realizar máis de dous tratamentos consecutivos coa mesma substancia activa.</p> <p>-Non utilizar produtos fitosanitarios con máis de dous anos desde a súa data de fabricación, salvo que na etiqueta especifique prazo inferior.</p> <p>-Controlar as malas herbas preferentemente mediante a adopción de medidas preventivas antes da implantación do cultivo.</p> <p>-Dispoñer na explotación de zonas preparadas expresamente para encher cubas, lavar equipos, depositar restos de caldos non utilizados, etc.</p>	<p>-Realizar soltas de inimigos naturais non presentes na fauna española, ou cuxa introdución estea prohibida pola lexislación correspondente agás autorización expresa da autoridade competente.</p> <p>-Utilizar calendarios de tratamentos e realizar aplicacións indiscriminadas sen prescrición técnica.</p> <p>-Utilizar calquera produto fitosanitario que se dese de baixa no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario do MAPA con posterioridade á publicación da presente norma.</p> <p>-Empregar produtos fitosanitarios nas marxes de correntes de auga.</p> <p>-En cultivos ao aire libre, realizar aplicacións de produtos fitosanitarios en condicións meteorolóxicas desfavorables para evitar a deriva dos produtos.</p> <p>-Utilizar herbicidas residuais en solos areosos, enareados e en xeral solos moi lixeiros. En solos medios e pesados permítese o uso de herbicidas, sempre baixo prescrición técnica e xustificada, segundo niveis de colonización.</p> <p>-Abandonar o control fitosanitario antes da finalización do ciclo vexetativo do cultivo.</p> <p>-No caso de produtos protexidos, aplicar herbicidas dentro do invernadoiro unha vez implantado o cultivo, salvo xustificación do técnico competente.</p>

MANEXO DA PLANTACIÓN -CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>poboacións resistentes.</p> <p>-As substancias activas que se empreguen estarán autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario, para un uso determinado, e poderase establecer unha listaxe de substancias activas seleccionadas entre estas para o seu posible emprego en produción integrada, de acordo co apéndice IV de substancias activas seleccionadas, sobre a base da experiencia coñecida do seu impacto nos correspondentes organismos útiles e outros requisitos ambientais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os formulados de substancias activas que conteñan algunha substancia non dirixida contra unha determinada praga e/ou enfermidade non poderán utilizarse salvo naquelas ocasións nas cales se xustifique o tratamento contra ambos organismos nocivos.</li> <li>• O uso de produtos fitosanitarios realizarase respectando sempre as indicacións reflectidas nas correspondentes etiquetas con independencia de que, cara á súa utilización en produción integrada, poidan establecerse restricións maiores.</li> <li>• Excepcionalmente, cando se detecten no cultivo pragas ou enfermidades que, por non seren habituais nel, non estean reflectidas no apéndice de pragas e enfermidades dos diferentes cultivos, ou non estea definido un criterio de intervención, poderase actuar contra elas con calquera outro produto fitosanitario que estea expresamente autorizado para a produción integrada para ese cultivo.</li> <li>• Para a desinfección de estruturas de protección deberá terse en conta o cultivo posterior, co fin de non utilizar substancias activas non autorizadas.</li> </ul> <p>- Controlar as malas herbas, sempre que sexa posible con medios mecánicos, biofísico (solarización/biofumigación entre plantacións) ou aqueles que ofrezan o menor risco de emisións de CO<sub>2</sub>. No caso de que sexa necesaria a aplicación de herbicidas, efectuarase mediante as técnicas recomendadas na etiqueta do produto. Empregar substancias activas autorizadas seleccionadas cos mesmos criterios citados para os produtos fitosanitarios.</p> <p>-Os volumes máximos de caldo e caudal de aire nos tratamentos fitosanitarios axustaranse aos parámetros precisos, tendo en conta o estado fenolóxico do cultivo para obter a máxima eficacia coa dose menor. Neste sentido, cómpre que a maquinaria empregada nos tratamentos fitosanitarios e herbicidas estea en perfecto estado de funcionamento e que se someta a revisións e calibrados periódicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evitar as sobredosificacións.</li> <li>• Adoptar as medidas precisas para evitar que a deriva das aplicacións alcance parcelas e/ou UHC distintas das que se pretende tratar.</li> </ul> <p>-A presenza de residuos deberá minimizarse mediante a máxima ampliación posible dos prazos de seguridade.</p>		

MANEXO DA PLANTACIÓN – COLLEITA		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Realizar a colleita nas datas e condicións axeitadas para evitar lesións nos produtos vexetais que reduzan a súa calidade e provoquen infeccións de patóxenos causantes de podremias.</p> <p>-Eliminar os produtos vexetais que presenten síntomas con presenza de patóxenos causantes de podremia.</p> <p>-Colleitar os produtos vexetais nun estado de madurez que permita alcanzar as exixencias de calidade comercial.</p> <p>-Cando os produtos colleitados non son trasladados ao almacén manipulador no mesmo día da colleita, estes deben colocarse baixo teito ou en condicións en que se evite a incidencia directa dos axentes atmosféricos nun lugar con ventilación máxima ata o momento do seu envío ao almacén manipulador. No caso de que se realice a manipulación no campo, a embalaxe debe retirarse durante a noite cando exista algún risco de contaminación.</p> <p>-Tomar mostras no período de colleita e/ou elaboración, para analizar a posible presenza de residuos de produtos fitosanitarios e garantir que se utilizaron exclusivamente as substancias activas autorizadas e que se cumpre co establecido na lexislación española en relación cos límites máximos de residuos de produtos fitosanitarios.</p> <p>-Para producións dirixidas a outros mercados distintos do nacional, verificar que cumpren a lexislación establecida no lugar de destino respecto ao contido de residuos.</p> <p>-Manter o equipo de colleita en condicións axeitadas de utilización.</p>	<p>-Realizar a colleita no momento axeitado para cada variedade e tipo de presentación.</p> <p>-Dispoñer dos instrumentos axeitados que permitan avaliar o grao de madurez do produto.</p>	<p>-Efectuar a colleita cando os produtos estean mollados, salvo autorización expresa da autoridade competente ou polo técnico responsable, fundamentada en condicións meteorolóxicas adversas.</p> <p>-Abandonar o refugallo na parcela se a súa presenza representa un risco para a propagación de pragas ou enfermidades dos vexetais.</p>

XESTIÓN DE RESIDUOS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Retirar para a súa reciclaxe ou, se é o caso, vertedura controlada de plásticos de acolchado, cubertas de plástico, malla ou calquera outro material utilizado nas estruturas do cultivo.</p> <p>-Retirar e almacenar os envases dos produtos fitosanitarios e fertilizantes, unha vez utilizados estes, ata a súa entrega a un xestor autorizado de acordo co que establece a lexislación vixente.</p> <p>-Xestionar os produtos fitosanitarios de refugallo mediante un xestor autorizado de residuos de produtos químicos ou a través dunha compañía provedora ou calquera outro método seguro para o ambiente.</p> <p>-Reciclar axeitadamente os substratos inertes, sempre que sexa agronomicamente aconsellable.</p> <p>-Establecer sistemas de recollida de aceites usados ou outros produtos tóxicos e darlles o destino previsto na lexislación vixente.</p>	<p>-Realizar unha xestión axeitada dos restos de colleita e de cultivos, incorporándoos, compostándoos e reutilizándoos na propia explotación.</p> <p>-Os restos vexetais, unha vez no exterior da plantación e transcorridos os prazos permitidos en cada caso, só poderán permanecer en colectores con tapa ou outro medio de illamento do contido como pode ser unha lámina de plástico.</p> <p>-Conducir os restos vexetais a un vertedoiro autorizado, salvo que a normativa ambiental vixente na zona permita un tratamento distinto deles.</p>	<p>-Abandonar restos plásticos, envases e outros residuos no interior ou límites da parcela e/ou UHC.</p> <p>-Destruir polo lume ou outro procedemento, triturar ou enterrar na parcela e/ou UHC ou arredores, os envases baleiros dos produtos fitosanitarios e fertilizantes, os plásticos ou redes das estruturas de cultivo, excepto que se faga nos puntos autorizados para iso pola autoridade competente.</p> <p>-Utilizar plásticos ou redes das estruturas de cultivo, unha vez retirados, para outros usos que supoñan un risco para o cultivo, as persoas ou a fauna.</p> <p>-Depositara en correntes ou encoros de augas os restos de caldo dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios ou lavar estes en tales zonas.</p>

Sección I

CULTIVO DO PEMENTO

ASPECTOS AGRONÓMICOS XERAIS DO CULTIVO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Xustificar a non aplicación dun programa de rotación de cultivos de polo menos tres follas, en que non se repitan especies da mesma familia botánica.</p> <p>-Cando debido ás condicións locais non se poidan facer rotacións de cultivo, establecerase un período mínimo de 1 a 2 meses ao ano durante o que se establecerán cubertas vexetais de especies mellorantes, aplicaranse técnicas de solarización e/ou biofumigación ou ben manterase o terreo en barbeito.</p>		

SOLO, PREPARACIÓN DO TERREO E LABOREO
É de aplicación o especificado na norma técnica especificada de horticolas sobre o mesmo tema.

SEMENTEIRA E PLANTACIÓN		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-Manter as parcelas limpas de restos de plantacións de solanáceas anteriores e de herbas que puidesen ser hospedantes de pragas e/ou enfermidades importantes do cultivo, polo menos as seis semanas precedentes á plantación.</p> <p>-Densidade de plantación &lt; 35.000 plantas/ha.</p>	<p>-Realizar o transplante de plantas cando estas teñan de 10 a 20 cm de altura e 3 a 7 follas verdadeiras, non colocándoas a profundidade excesiva para evitar problemas de asfixia radicular. Aporcar para reforzar a planta e evitar o anegamento ou excesiva humidade na zona da base do talo.</p> <p>-Mover a terra ou area (binado) arredor da planta para quitar a herba que comeza a saír e romper a dureza superficial.</p>	

FERTILIZACIÓN E EMENDAS
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN – PODA
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN -POLINIZACIÓN E FORMACIÓN DOS FROITOS		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
	Convén que a formación dos primeiros froitos sexa das flores das segundas cruces; así evítase o risco de malformacións e mellora o crecemento de plantas pouco desenvolvidas.	Usar fitoreguladores

MANEXO DA PLANTACIÓN – REGA
É de aplicación o especificado na norma técnica específica de hortícolas sobre o mesmo tema.

MANEXO DA PLANTACIÓN – CONTROL INTEGRADO		
OBRIGATORIA	RECOMENDADAS	PROHIBIDAS
<p>-No apéndice de pragas e enfermidades indícanse os organismos obxecto de mostraxe para o cultivo do tomate. O feito de que un organismo apareza no apéndice de pragas e enfermidades do tomate non obriga o operador a realizar o seu seguimento. Non obstante, o non seguimento dalgún destes organismos, ao non constituir praga na zona de cultivo, deberá estar debidamente xustificado.</p> <p>-O técnico competente decidirá, a partir da relación de insectos auxiliares considerados importantes para o cultivo do tomate (<i>Amblyseius spp.</i>, <i>Diglyphus spp.</i>, <i>Orius spp.</i>, <i>Aphidoletes spp.</i>, <i>Phytoseiulus spp.</i>, <i>Encarsia spp.</i>, <i>Eretmocerus spp.</i>, <i>Macrolophus spp.</i>, <i>Aphidius spp.</i>) e en función das características particulares da explotación, a fauna auxiliar obxectivo que pretende defender ou implantar mediante solta.</p> <p>-Calquera cambio na selección dos insectos auxiliares que se queiran defender ou implantar deberá ser xustificado tecnicamente.</p>	<p>-O acolchado parcial, en bandas non deberán cubrir máis do 50% da superficie.</p>	

MANEXO DA PLANTACIÓN – COLLEITA	
	PROHIBIDAS
-Neste cultivo considérase que alcanzou a madurez comercial cando os pementos presentan un desenvolvemento e un estado tales que lles permite resistir o transporte e a manipulación e chegar en condicións satisfactorias ao lugar de destino.	-Efectuar a colleita antes de que os froitos iniciasen no campo o proceso de maduración comercial segundo a lexislación vixente.

APÉNDICE I: PRAGAS E ENFERMIIDADES DO CULTIVO DO PEMENTO

INSECTOS E ÁCAROS

Araña vermella (*Tetranychus urticae*, *Tetranychus turkestanii*, *Tetranychus evansi*,...)

